



Título: *Morgún*
Autor: Suso de Toro
Editorial: Xerais, Vigo, 2003
Núm. pp.: 168
Tamaño: 21 x 13

Non se pode escribir todo o que a un se lle ocorre, nin publicar todo o que un escribe. Pero, desestimando este razoable consello, atopámonos no mercado con libros (?) moi atrevidos. O fenómeno afecta sobre todo aos autores que se criaron nos tempos de alegría editorial nos que se permitiu a impresión de produtos literarios moi por debaixo do nivel que debería ser esixible. Algunhas *figuras* así consagradas como pezas mecánicas da engrenaxe afixéronse a publicar sen tento nin tino, acollidos a unha irresponsabilidade aliviada pola tolerancia diso que chusqueiramente se chama "o noso sistema".

Cando se fala da perda constante de lectores, case sempre se oculta —ou por torpeza ou por raposada— a cantidade de lectores incipientes que non chegan a lograrse porque un mal libro os desencantou no camiño. Sempre se lles bota a culpa aos profesores de literatura da desertización da lectura, pero máis dano lle fan ao capital literario dun país algúns facedores de libros. *Morgún* paréceme un erro. O mesmo autor tal vez delata a inoportunidade desta obra ao engadir un

"epílogo a este libro tan vello", co que trata de disolver freudianamente a (mala) conciencia de ter extraído un orixinal non tan do fondo dos tempos coma do fondo do caixón do escritorio. O recurso motiva unha dobre decepción. Primeiro, polo tópico da topadela: dise neste epílogo que o libro foi achado "entre vellos documentos do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos" e chega ás mans do autor "desde unha mesa chea de papeis barolentos e trastos enferruxados no mercadiño de antigüidades dominical de Santiago". Pero, á parte, este tipo de estratexias pretenden distraer o pasmo dos lectores (ai, pobres lectores) lexitimando defectos estruturais, como a perspectiva narrativa, que se focaliza nun narrador/corvo (resultado da tónica transmigración segundo a crenza céltica) que conta en primeira persoa, pero que empeza por acceder á omnisciencia (esta facultade xa non lla conceden as lendas célticas), e xustifica esta licencia de ubicuidade dicindo que se vale dos "ollos da imaxinación, que ven máis certos" (p. 13). Claro: en materia de imaxinación todos (mesmo os corvos) somos omniscientes.

O relato que se desenvolve en castrexas calendas, aproveita lugares comúns e brochadas gordas sobre "a materia céltica", seguramente desculpado polo proverbial atraso arqueolóxico galego. De xeito que, nesta paisaxe bárbara e entre unha paisanaxe guerreira e montesía (por iso Estrabón nos chamou *Kallaicoi*), unha familia que xa conta con dous nenos xemelgos —un deles é o que virá dar en corvo narrador— atopa unha criatura nunha barquiña de coiro aboiada no mar. A crianza fora abandonada pola raíña, a súa nai biolóxica —como se diría agora— que a concibiu do defunto rei que fora o seu home, antes de ser asasinado polo actual e rexio marido. Así nos metemos nunha trama que máis que trama é unha enleada que adscribe este relato ao máis puro exemplo do xénero aburrido. Nesta liña diexética vanse ensarillando reminiscencias lendario-literarias de toda caste; desde Moisés a Breogán, pasando por Hamlet (trocando Elsinor polo Castro de Baroña, claro), e Jack London. Morgún, nome épico do neno, por mercé de maxia ou meigallo, convértese en lobo e "cada día máis sentía o chamado do bosque [...], chamábao o salvaxe" (p. 89), di o corvo faladeiro en prosa londoniana. Cando muda de lobishome e volve tomar figura humana, resulta ser moza feita e dereita, e núbil, que ha recibir no leito ao fillo (futuro corvo narrador), da súa nai e bruxa adoptiva, sen que falte a actuación de cando en vez do druída do momento. Só botamos de menos a Asterix e Obelix. Total, como dicía aquel sindicalista do Morrazo, a claridade está moi clara: Morgún é fillo do rei destronado que, como reencarnación dese seu proxenitor, vén

sendo marido e fillo da raíña, que así mesmo acabará viúva do seu home e mais do seu fillo, que resulta ser pai de si mesmo (ou de si propio, como gusta dicir en guinda lusista o autor), e mais nai de Breogán. A claridade está moi clara, sobre todo para un lector infantil.

O que queira profundar neste texto mesmo pode atopar efectos metanarrativos, coma as alusións ao "Imperio" (¿o Romano ou o Español?), e quen sabe se unha alusión subrepticia á calamidade do *Prestige*, porque o mar que abeira o Castro padece unha "gran mancha" (p. 125) que enloufa de negruras e penurias a esta sufrida xente que vimos sendo pola historia e a lenda adiante.

En contrate co naufraxio deste libro desde o punto de vista temático, estrutural e estilístico, é xusto recoñecer a súa corrección lingüística. (O mellor da nosa literatura actual, ás veces, parece ser o traballo do corrector, ou do corrector-autor), que exhibe un "galego de Facultade" (quizáis ese sexa o seu único defecto textural) no que non atopamos máis chata ca este dobre implemento: "abréseme o peito en decíndote isto" (p.94).

Resulta polo menos insípida, tirando a inocua, a cita de *Hamlet* coa que finalmente se perpetra esta obra: "Arrastra o teu vivir doente por este mundo ingrato para contar a miña historia". Aínda que, sendo Hamlet o paradigma da intelixencia profunda, a un lector culto pareceralle unha provocación.

Xosé Manuel G. Trigo
Instituto de Ames
Bertamiráns